

A organización social dos coidados e o seu impacto nos procesos de retorno migratorio. O caso da migración romanese en España

Pérez-Caramés, Antía

ESOMI – Facultade de Socioloxía

Universidade da Coruña

antia.perez@udc.es

RESUMO. Desde comezos do século XXI, o proceso migratorio que trouxo a España a cerca de un millón de migrantes romanexs, mostra unha tendencia á inversión na forma de procesos de retorno migratorio. O impacto da crise económica que se desata en España pouco tempo despois de que Rumania entrara na UE, supuxo que moitxs migrantes romanexs quedaran sen emprego, convertíndose este no principal factor explicativo do fenómeno do retorno. Isto é, predominan as explicacións económicas á hora de analizar os procesos de toma de decisións e as motivacións para o retorno. Préstase moi pouca atención académica ao modo en que as familias transnacionais teñen artellado as responsabilidades de coidado no momento de deixar o seu país de orixe, durante o seu período no estranxeiro, e tampouco se considera se os cambios na organización do traballo de coidados inflúen nas decisións que se toman durante o proceso migratorio en xeral. Neste capítulo abordaremos o papel da organización do traballo de coidados (tanto a menores, como a persoas maiores e en situación de dependencia) nos procesos de toma de decisión relacionados co retorno migratorio dxs migrantes romanexs en España. A metodoloxía desta investigación está baseada en técnicas cualitativas e a perspectiva metodolóxica foi multisituada: realizáronse 40 entrevistas semi-estruturadas, 20 delas en diferentes cidades de España, e as restantes 20 en diversas cidades e pobos de Rumanía.

PALABRAS CHAVE: retorno, migración romanese, coidados, España.

1. – A problemática do estudo do retorno nas migracións contemporáneas

A actual crise económica que atravesa España e as súas consecuencias sobre o emprego de migrantes e nativxs reavivaron o debate académico sobre o fenómeno do retorno.

estranxeiro en Galicia (Rodríguez, 2005, p. 28). É neste preciso momento onde ten sentido falar da necesidade de entender os costumes e códigos sociais do país ao que se emigra (no caso do alumnado inmigrante) ou ao que nalgún momento se acudirá (no caso do alumnado galego que algún día poderá verse na situación de emigración ou estancia no estranxeiro), para desenvolver algo que poderíamos cualificar como “intelixencia socio e multicultural”. Este concepto resulta clave á hora de educar nun mundo e sociedade tan tendente ao cosmopolitismo en que nos encontramos, e debería centrar os discursos e intervencións educativas, para preparar á futura cidadanía para o mundo ao que se ten que enfrontar cada día; un mundo tan caracterizado pola mobilidade, algo que se propulsa xa desde a Educación Secundaria Obrigatoria.

Estes preceptos no deixan de conformar unha contribución á mellora da calidade da atención ao alumnado inmigrante, sempre e cando se leven a cabo de forma controlada, meditada e profesional.

Bibliografía

Armas Castro, Xosé (2003): “Inmigración, escola e educación intercultural en Galicia”, en González Fernández, Ángel; Losada Aldrey, José Alejo & Requejo Osorio, Agustín (coords.): *Inmigración e escola*, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, (73 - 91).

Clavijo, Claudia & Aguirre, Mariano (eds.) (2002): *Políticas sociales y Estado de bienestar en España: las migraciones*, Fundación Hogar del Empleado, Madrid.

Instituto Galego de Estatística (IGE). <http://www.ige.eu/> Consultado: 05/05/2014.

Instituto Nacional de Estadística (INE). <http://www.ine.es/> Consultado: 05/05/2014.

INE (2007): *Encuesta Nacional de Inmigrantes. Resultados por comunidad autónoma*. Año 2007. <http://www.ine.es/> Consultado: 05/05/2014.

Priegue Caamaño, Diana (2007): *Familia, educación e inmigración, un programa de intervención pedagógica*. Tese de doutoramento, Departamento de Teoría e Historia da Educación, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela. http://dspace.usc.es/bitstream/10347/2428/1/9788498870503_content.pdf. Consultado: 02/05/2014.

Rodríguez Lestegás, Francisco (2005): “Inmigración e escola en Galicia: educar xeograficamente, educar interculturalmente”, *Innovación educativa*, Vol. Nº 15, (21 - 44).

Santos Rego, Miguel Ángel & Lorenzo Moledo, María del Mar (2003): *Inmigración e acción educativa en Galicia*. Xerais, Vigo.

Non obstante, os alicerces teóricos dos que nos servimos para explicar o incipiente proceso de retorno dxs migrantes establecidxs en España son, principalmente, aquelas teorías desenvolvidas ao abeiro das migracións de traballadorxs convidadxs (gästarbeiter), que acudiron á demanda de emprego xerada nos países da Europa continental tras da II Guerra Mundial e cuxo retorno estaba enmarcado, en liñas xerais, co alcance de idades non activas.

A apertura epistemolóxica que supuxo a irrupción da teoría do capital social e as redes sociais, nun primeiro momento, e posteriormente, do transnacionalismo no ámbito dos estudos migratorios non alcanzou a alterar a concepción que se tiña sobre o retorno, dado que o fenómeno deixou de ter magnitude estatística e interese académico a finais dos oitenta, período no que a emerxencia de novos e abondosos fluxos migratorios aos países tradicionalmente acolledores de migrantes, pero tamén a novos destinos migratorios (como os países do sur de Europa), desprazaron máis unha vez os intereses cara á xestión, acollida e integración desas poboacións.

Resulta, pois, evidente, que o desenvolvemento teórico en torno ao fenómeno do retorno precisa unha revisión e actualización para poder explicar e dar conta das características que este proceso rexistra.

A estes efectos, realizaremos un breve percorrido polas achegas clásicas máis adecuadas para o noso obxecto de estudo e exporemos algunha das vías de desenvolvemento teórico que poden seguir as investigacións sobre migracións de retorno.

A teoría da decepción, enmarcada baixo a perspectiva neoclásica de análise das migracións internacionais, considera, de modo xeral, que a emigración ten por obxectivo a maximización dos recursos, polo que ten un carácter permanente e o retorno, de producirse, sería un fracaso nesta estratexia maximizadora (Hertzog y Schottman, 1982). Se ben esta teoría, así como máis amplamente a aproximación neoclásica, ten recibido bastantes críticas por ter feito tabula rasa das circunstancias individuais e familiares dxs retornadxs, a xuízo dalgúnhxs autorxs que buscaron o seu contraste empírico (Constant e Massey, 2002), pode explicar o retorno daqueles emigrantes que non enviaban remesas durante o seu período de residencia no estranxeiro.

En resposta á consideración negativa que dxs retornadxs tiña a teoría neoclásica, a nova economía das migracións avanza a súa teoría da meta (ou tope) de ingresos para invertir esta concepción: o retorno representa un éxito do proxecto migratorio individual. Xs migrantes que volven ao seu país de orixe son xs que acadaron os obxectivos económicos que se marcaran na súa estratexia de diversificación das fontes de ingresos dos seus fogares (Stark, 1991).

Sen embargo, unha das teorías que adquiriu maior relevancia na análise dos procesos de retorno migratorio, rompendo coa dicotomía éxito/fracaso, deriva da perspectiva estrutural no estudo das migracións e, concretamente, do traballo de Cerase (1974) en torno á volta a orixe dxs emigrantes italianxs residentes en Estados Unidos. Segundo este autor, o éxito ou o fracaso do retorno son relativos, xa que están en función da economía do fogar e da sociedade de orixe,

así como das expectativas dx migrante retornadx. No estudio do retorno, Cerase é o primeiro autor en romper co nacionalismo metodolóxico¹ e estudar a dinámica deste proceso a cabalo entre as comunidades de destino e orixe.

Cerase tamén mediou no debate en torno á selectividade dos fluxos de retorno, ao afirmar, xunto con Richmond (1984 en Núñez Seixas, 2000: 33), que non retornan nin xs realmente rícx, xa que deron prioridade á busca de integración na elite social do país receptor, nin xs realmente pobres, por temor a enfrontarse co seu ámbito social de orixe ou sufrir o rexeitamento dxs familiares.

Na actualidade o interese académico, político e mediático no fenómeno do retorno vese opacado pola crecente evidencia a favor da teoría da migración circular, que poderíamos ubicar baixo o paraguas da perspectiva transnacionalista no estudo das migracións, e que defende que as diferenzas estruturais entre o país de orixe e o de destino fan que a circularidade permanente sexa a mellor estratexia de maximización dos recursos do fogar (Reyes, 1997). Esta estratexia é posible a través da construción dunha identidade transnacional e o mantemento de lazos e prácticas transnacionais entre a sociedade de acollida e a de orixe.

Por último, enmarcado na teoría das redes sociais e do capital social, que enfatizan a necesidade de estudar as relacións entre os actores no proceso de retorno e as súas diferenzas en canto ao acceso a recursos e atributos e características persoais, atopamos o esquema teórico proposto por Cassarino (2004), que se centra nos eixos da preparación e a mobilización de recursos para o retorno. Este enfoque teórico podería vincularse coas propostas analíticas de Gmelch (1980), quen consideraba preciso vincular as intencións, as motivacións e as expectativas que sobre o retorno se facían xs migrantes.

2. – Breve caracterización da inmigración romanésa a España e do recente fenómeno do retorno

A chegada e asentamento en España de persoas procedentes do país do sudeste europeo comeza a rexistrarse a comezos deste século, aumentando progresivamente as entradas e, consecuentemente, o stock poboacional deste colectivo a medida que avanza os anos. Así, segundo a información que proporciona o Padrón Municipal de Habitantes, a comezos do ano 2004 o colectivo romanés superaba as 200.000 persoas, chegando a rebasar o medio millón de residentes en España a comezos de 2007, ano de incorporación de Romanía á Unión Europea (Pajares Alonso, 2009). Se ben nun principio os fluxos de inmigración procedentes deste país estaban certamente masculinizados, o asentamento deste colectivo implicou un maior equilibrio na proporción de sexos, fenómeno que se viu facilitado pola adhesión de Romanía á UE, o que supuxo unha regularización nas condicións de residencia de boa parte deste colectivo, aínda que convén apuntar que as condicións no que respecta ao acceso ao permiso de

¹ Para máis información sobre a utilización deste concepto nos estudos migratorios pode consultarse o artigo de Wimmer e Glick-Schiller (2002).

traballo continuaron a ser bastante difíciles pola imposición dunha moratoria de dous anos ao dereito de libre circulación (Pajares Alonso, 2009).


Na actualidade e, de acordo coas últimas cifras a Xaneiro de 2013 do Padrón Municipal de Habitantes, o colectivo romanés conta con máis de 870.000 habitantes en España, ocupando un dos primeiros postos no ránking das primeiras comunidades estranxeiras que residen en España.

Tendo en conta, pois, a relativa facilidade legal coa que poden desprazarse xs migrantes romanesxs no territorio que compoñen os estados do espazo Schengen, ademais da xa apuntada tendencia á circularidade no seu comportamento migratorio, resulta de especial interese comprobar en que medida, a raíz do impacto da crise económica nos empregos dxs migrantes romanesxs, estxs deciden voltar á súa comunidade de orixe e tentar desenvolver un proxecto produtivo alí.

En primeiro lugar, tentaremos cuantificar este fenómeno. Dadas as deficiencias no rexistro de entrada de nacionais por parte das estatísticas producidas oficialmente en Romanía, recorreremos á explotación dos microdatos da Estatística de Variacións Residenciais (EVR), elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

A tendencia deste fluxo de retorno desde o ano 2002 ata 2011 é crecente ata o ano 2006, en que descende lixeiramente (en parte, por procesos de limpeza do rexistro), aínda que mantendo unha magnitude relativamente estable e novamente crecente desde 2008.

Gráfico 1. Fluxos de emigración de retorno de nacidxs en Romanía entre 2002-2011



Fonte: Elaboración propia en base a datos da EVR (varios anos, INE, www.ine.es)

No conxunto do período analizado retornaron a Romanía máis de 133.000 persoas, unha cifra nada desprezable se temos en conta o stock de romanesxs residindo en España.

Esta tendencia mostra un débil impacto cuantitativo do fenómeno do retorno migratorio entre xs romanesxs residentes en España, conclusión á que tamén chega un dos poucos estudos publicados ata a data por parte de investigadorxs romanesxs (Stoiciu, 2011). Esta investigación, levada a cabo a partir dunha enquisa que se realizou a retornadxs a Romanía, pero tamén a potenciais retornadxs residentes en dous países tradicionalmente receptores de inmigración romanésa (España e Italia), conclúe que, se ben a magnitude deste fenómeno é aínda escasa, é distinguible unha tendencia á aceleración dos regresos na medida en que a crise se agudice en ambos os países e se volva máis difícil manter o emprego.

Outra das conclusións deste estudo indica que as persoas retornadas tiñan unha rede menos densa de contactos no país de destino en comparación cxs migrantes que aínda permanecen alí. Esta rede de contactos estaba, ademais, nucleada en torno ao traballo. Entre os motivos que levaron xs migrantes romanesxs a retornar desde España ou Italia, nunha pregunta de resposta múltiple, a familia é mencionada nun 72% dos casos, convertíndose así no motivo principal de retorno, algo que resulta realmente sorprendente tendo en conta a vinculación que se soe establecer entre a crise económica e o fenómeno do retorno. Por outra banda, de entre xs retornadxs enquisadxs, un 34% enviaba remesas moi a miúdo, pero un 25% nunca enviou diñeiro á familia en orixe. Veremos a continuación se este perfil que presentamos brevemente se corresponde cos resultados da nosa investigación.

3. – O proceso de toma de decisión e as motivacións para o retorno

De acordo co exposto no primeiro apartado relativo ás teorías que permiten analizar e explicar o proceso de retorno migratorio, compre analizar tanto ás motivacións como os elementos que inflúen na decisión de retornar dxs migrantes.

Segundo as nosas entrevistas en profundidade, tanto xs migrantes que xa retornaran, como aqueles que seguen a residir en España, desenvolveron unha pauta migratoria consistente no mantemento de fortes lazos coas súas comunidades de orixe, realizando, con este fin, visitas frecuentes e desenvolvendo un patrón de envío de remesas en man que permite, por unha banda, concentrar un maior montante de diñeiro ao ser entregado en menos ocasións e, por outra, e máis importante, permite controlar o investimento do diñeiro remitido.

No referente ás motivacións que levaron xs migrantes retornadxs a regresar ao seu país de orixe, poderíamos distinguir principalmente: a) a perda do traballo como detonante (ou o esgotamento das prestacións de desemprego); b) o ter alcanzado un certo nivel de aforros que permite realizar un investimento produtivo en orixe; e c) a crise do sistema de coidados (fundamentalmente de fillos, pero tamén de maiores ou persoas en situación de dependencia) que se establecera no momento da emigración.

As dúas primeiras motivacións, relacionadas co entorno produtivo da vida dx migrante, foron abundantemente abordadas en estudos previos sobre o fenómeno do retorno. Sen embargo, a alusión á esfera reprodutiva, de amplo tratamento principalmente na literatura sobre migracións e xénero, foi completamente obviada nos estudos sobre retorno.

No traballo de campo realizado con romanesxs retornadx, a mención á necesidade de retornar por ter que facerse cargo dos coidados dunx familiar, ou ben por non poder coidar dunx fillo/a na sociedade de acollida, era recorrente entre as romanesas retornadas.

"Motivos que xa dixen... o lugar de traballo, que dependía da gardería da nena, era moi difícil porque a nena estaba sempre... estaba sempre con nós. Ou sexa, que non tiñas vida e familia. O meu marido estaba lonxe, de luns a venres. Non tiñas con quen deixala e, sobre todo, cando estaba enferma era moi difícil poder saír do traballo.

Aquí te axuda alguén coa nena?

Automáticamente podería deixala coa miña nai, se quero unha semana, un mes... e a fin de semana. Sei que coida ben dela, que ten condicións e vela pola súa educación. Desde este punto de vista, teño o que me faltaba fora". Monica. Retornada co seu marido.

"Miña nai estaba soa, o meu fillo casou, miña filla estaba fora... estaba soa. E... enfermou. E dixen que volvía para casa a coidar dela". Daniela. Retornada co seu marido.

No que respecta ao proceso de toma de decisión sobre a volta ao país de orixe, resulta sorprendente comprobar como, en certo modo, o feito de que as estatísticas sobre retorno amosen unha composición equilibrada entre sexos é un reflexo dun retorno familiar, no que, aínda tendo a muller un traballo en España, e sendo unicamente o marido o que quedou sen emprego, a opinión masculina sobre ficar ou marchar é a que prevaleceu:

"O 20% da decisión era que o meu marido pensaba na súa nai, que estaba soa en Romanía, que é bastante maior, que estaba soa e que non sei que...". Floriana. Retornada co seu marido.

"Se eu tivese que decidir, tería ficado, pero como el traballaba na construción e doíanlle moitísimo as pernas, xa que estaba traballando sobre azulexos todo o día... (...)El dixo -xa está, marchamos, xa non quedamos máis!". Elena. Retornada co seu marido.

En suma, debemos ter en consideración o papel da esfera reprodutiva nas motivacións e o proxecto de retorno migratorio, e, ademais, abordar as relacións de xénero no seo das parellas migrantes para cuestionar criticamente o proceso de toma de decisións en torno ao proxecto migratorio.

4. – Conclusións

Neste apartado final indicaremos algunhas das liñas de fuga con respecto aos paradigmas teóricos dominantes na literatura científica sobre migración de retorno que se teñen exposto á luz do estudo do regreso dxs migrantes romaneses que previamente residiran en España.

En primeiro lugar, faise necesaria unha teoría que deixe de contemplar x migrante exclusivamente como homo oeconomicus e que, en consecuencia, considere os aspectos relacionados coa reprodución da vida na experiencia migratoria, especialmente no fenómeno do retorno. A literatura sobre xénero e migracións ten incidido especialmente na importancia do traballo de coidados para as mulleres migrantes, tanto por desenvolver empregos nestes sectores nas sociedades de acollida, como por ter que xestionar o coidado dxs seus fillxs nos países de orixe, o que deu lugar a propostas de evidente alcance teórico como as cadeas globais de coidados (Hochschild 2000; Yeates 2004).

Sen embargo, estas teorías téñense centrado, case en exclusiva, no coidado dxs fillxs, polo que a cuestión da atención xs pais e outrxs familiares que permaneceron no lugar de orixe e poden estar en situación de precisar atencións e coidados persoais, como é o caso de varixs dxs migrantes entrevistadxs nesta investigación, recibiu un menor interese. Por outra banda, non houbo unha revisión crítica do proceso de retorno desde a literatura que estuda as relacións de xénero nos procesos migratorios. Ademais, faise preciso considerar o carácter dinámico e cambiante das necesidades e da distribución do traballo de coidados nas familias transnacionais.

Bibliografía

Cassarino, Jean-Pierre (2004), Theorising Return Migration: The Conceptual Approach to Return Migrants Revisited. *International Journal on Multicultural Societies* (IJMS) 6(2): 253-279.

Cerese, Francesco P. (1974), Expectations and reality: a case study of return migration from the United States to Southern Italy. *International Migration Review* 8(2): 245-262.

Constant, Amelie y Massey, Douglas S. (2002), Return Migration by German Guestworkers: Neoclassical versus New Economic Theories. *International Migration* 40(4): 5-38.

Gmelch, George (1980), Return Migration. *Annual Review of Anthropology* 9: 135-159.

A representación das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior. Un reflexo da pegada migratoria?

Rodríguez Galdo, M^a Xosé

Departamento de Historia e Institucións Económicas

Universidade de Santiago de Compostela

maria.rodriguez.galdo@usc.es

Freire Esparís, M^a Pilar

Departamento de Historia e Institucións Económicas

Universidade de Santiago de Compostela

mdelpilar.freire@usc.es

RESUMO. A representación das mulleres no Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE), que publica o Instituto Nacional de Estadística (INE), sobrepasa o 51%, sendo esta superior en América (51,35%) e, a moi corta distancia, tamén en Europa (50,91%), os dous continentes que acolleron o maior volume da corrente migratoria española, se ben, por países, dita representación resulta máis acusada nuns que noutros.

A superioridade numérica das mulleres no mapa da cidadanía española no exterior non pode entenderse como o reflexo directo dunha suposta feminización dos fluxos migratorios españois, tanto os da etapa americana como da europea, que non refrendarían as estatísticas da emigración española que normalmente se manexan, pero si invitan a estudar en qué medida esta pode reflectir aspectos substanciais da historia pasada e recente da emigración española, tanto de natureza económica como política, e, de maneira particular, a implicación das mulleres na mesma.

A análise que realizamos aquí de dous casos ben representativos (Gran Bretaña e México) permite achegámonos ao por qué desas diferenzas na representación por sexo e a considerar o alcance dos estereotipos de xénero no canto de condicionar a visión dun fenómeno tan complexo, como é a relación mulleres e emigración.

PALABRAS CLAVE: Migracións, xénero, cidadanía española no exterior, mulleres

A análise dos datos dunha fonte estatística de extraordinario interese como é o *Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero* (PERE) permítenos realizar unha nova achega, necesariamente sintética, a un tema que ocupa unha parte das nosas investigacións como é o da

Hertzog, H. y Schottman, A.M. (1982), Migration Information, Job Search and the Remigration Decision. *Southern Economic Journal* 50(1): 43-56.

Hochschild, Arlie R. (2000), Global Care Chains and Emotional Surplus Value, en W. Hutton y A. Giddens (eds.), *On the Edge. Living with global capitalism*. Londres: Jonathan Cape, pp. 130-146.

Núñez Seixas, Xosé M. (2000), Emigración de retorno y cambio social en la Península Ibérica: Algunas observaciones teóricas en perspectiva comparada. *Migraciones y exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos* 1: 27-66.

Pajares Alonso, Miguel (2009), Migraciones y redes transnacionales: Comunidades inmigradas de Europa Central y del Este en España. *Revista CIDOB d'Afers Internacionals*, 84: 65-79.

Reyes, Belinda I. (1997), *Dynamics of Immigration: Return Migration to Western Mexico*. San Francisco: Public Policy Institute of California (PPIC).

Richmond, Anthony H. (1984), Explaining Return Migration, pp. 269-275 en D. Kubat (ed.), *The Politics of Return. International Return Migration in Europe*. Roma/Nueva York: CSER/CSM.

Stark, Oded (1991), *The Migration of Labor*. Cambridge: Basil Blackwell.

Stoiciu, Victoria (2012) (coord.), *Impactul crizei economice asupra migrației forței de muncă românești*. Bucarest: Friedrich Ebert Stiftung.

Wimmer Andreas y Glick-Schiller, Nina (2002), Methodological Nationalism and Beyond: Nation-State Building, Migration and the Social Sciences. *Global Networks* 2(4): 301-334.

Yeates, Nicola (2004), Global care chains: critical reflections and lines of enquiry. *International Feminist Journal of Politics* 6(3): 369-391.